

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)
CELEBRADA O DÍA 02/04/2019**

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIRAS/OS
DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
DONA SONIA OUTÓN CASAL
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ M^a ABALO PÉREZ
DONA ROCÍO A. LLOVO DEL RÍO
DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO
D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ
DONA ANA M^a GRANJA GUILLÁN
D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE
DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL
D. MANUEL MÉNDEZ VARELA
D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ
DONA MARÍA MOSQUERA LEAL
DONA LUCÍA CESAR VELOSO
D. XOSÉ LOIS LEIRÓS GUDE
D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA
D. MIGUEL ALVES LAGO

SECRETARIA
MARÍA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA
TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 horas do día 02/04/2019, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 28 de febreiro de 2019.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes febreiro de 2019.
3. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas
4. Aprobación, se procede, da proposta relativa á celebración de sorteo para a designación dos membros das mesas electorais con motivo das Eleccións Xerais do 28 de abril de 2019.
5. Aprobación, se procede, do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 01/01/2019 (INT/2019/000063).
6. Aprobación, se procede, do Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a xestión e cofinanciamento da Escola Infantil de Vilaxoán do Concello de Vilagarcía de Arousa

7. Aprobación, se procede, da moción presentada polos grupos políticos municipais de Esquerda Unida e Somos Maioría en defensa das persoas traballadoras do mar
8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP, en relación ao aumento das cotizacións dos traballadores de mar
9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG relativa á necesidade de dotar á comarca do Salnés dunha ambulancia medicalizada de xeito permanente.
10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG para a implicación na construción e funcionamento dunha Residencia para Persoas con Discapacidade Intelectual
11. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
12. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
13. Rogos e preguntas.
14. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A presente sesión é gravada (imaxe e son) polo funcionario municipal D. Alfredo Gutierrez Avecilla utilizando o sistente de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 28 DE FEBREIRO DE 2019.- Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta correspondente á sesión plenaria de 28 de febreiro de 2019.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21).

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190402&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES FEBREIRO DE 2019: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE DATAS ANTERIORES:

Nº	DESCRICIÓN
2	Cambio de titularidade no Catastro Inmobiliario de fincas
3	Concesión de fraccionamento de débeda
1	Recoñecemento de obrigas

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE FEBREIRO DE 2019:

Nº	DESCRICIÓN
1	Dacion de conta de resolución Alcaldía de concesión de licenza de obra
1	Concesión de licenza para segregación de parcela
5	Concesión de licenza de legalización de obras
4	Concesión de licenza para acometida e/ou conexión ás redes de auga e/ou saneamento
2	Concesión de licenza de obras de canalización
8	Concesión de licenza de obra maior
1	Declaración ineficacia de comunicación previa para realización de obras
1	Concesión de 2ª prórroga para finalización de obras
1	Arquivo de expediente de solicitude de licenza de obras para acondicionamento de local
2	Aceptación desestímulo e arquivo comunicación de apertura de establecemento
10	Aceptación comunicación de apertura de establecemento
1	Concesión de licenza de apertura para inicio e desenvolvemento de actividade
37	Aceptación de comunicación previa realización de obras
2	Nomeamento de Comisión de Selección para procesos selectivos
1	Deducción proporcional de haberes por ausencia de 3 días do posto de traballo a empregado RISGA
1	Nomamento de funcionario interino a tempo parcial
2	Concesión de gratificación especial por substitución temporal de postos de traballo de nivel superior
1	Recoñecemento e aboamento e nómina de servizos en domingo
1	Recoñecemento e aboamento e nómina de servizos en xornada nocturna
1	Incremento de xornada a empregado municipal e nomeamento funcionario interino xornada parcial profesores escola de música
1	Declaración de caducidade de procedemento selectivo dunha praza de Oficial do Corpo da Policía Local
1	Avogación de competencia delegada na Xunta de Goberno Local para autorización asistencia curso a funcionario municipal
1	Aprobación de gasto correspondente a aportacións ao plan de pensións do mes de xaneiro
4	Requirimento aportación informe-ditame de seguridade elementos exteriores de inmovible
1	Declaración de caducidade do procedemento de reposición da legalidade urbanística
2	Iniciación de expediente de orde de execución

- 3 Iniciación de expediente de reposición da legalidade urbanística
- 2 Arquivo de expediente de reposición da legalidade urbanística
- 1 Arquivo de expediente aberto por obras de seguridade en edificación
- 3 Concesión/renovación de licenza para tenza de animais potencialmente perigosos
- 3 Aprobación de expediente de contratación mediante procedemento aberto simplificado
- 1 Avocación puntual de competencias para aprobación proxecto técnico
- 1 Aprobación de proxecto técnico Ampliación da rede de saneamento e alumeado público na Rúa Veiga da Aldea, en O Vento, Cea
- 2 Aprobación de plan de seguridade de obras
- 11 Orde de pago de facturas
- 18 Concesión/denegación de fraccionamento de débedas
- 1 Aprobación de expediente de Modificación de Créditos de Transferencias de Créditos de Persoal
- 7 Aprobación de expediente de Modificación de Créditos de Incorporación de Remanentes
- 3 Aprobación de expediente de Modificación de Créditos de Xeración de Créditos de natureza non tributaria
- 2 Aprobación de expediente de Modificación de Créditos de Transferencias de Créditos
- 7 Iniciación de oficio de expedientes sancionadores de tráfico
- 2 Orde cambio de titularidade no Catastro Inmobiliario de fincas
- 2 Aprobación de liquidacións correspondentes a cargos
- 1 Remitir expte. Admtvo. A Xulgado do CA nº 1 de Pontevedra e comunicar a letrado do Concello para comparecencia en nome do Concello

TOTAL: 163

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190402&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figuran presentadas solicitudes de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190402&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA RELATIVA Á CELEBRACIÓN DE SORTEO PARA A DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS CON MOTIVO DAS ELECCIÓN XERAIS DO 28 DE ABRIL DE 2019. Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Cotnas en sesión celebrada o día 28 de marzo de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do teor seguinte:

O próximo día 28 de abril de 2019 celébranse as Eleccións Xerais ao Congreso dos Deputados e ao Senado, sendo preciso realizar un sorteo público para a designación dos membros de Mesas Electorais, para o que se utilizará o Censo electoral vixente, cerrado o día 4 de xaneiro de 2019, que contén as variacións producidas no Padrón de habitantes ata o día 31 de decembro de 2018.

Na Provincia de Pontevedra elíxense sete Deputados e catro Senadores. Unha vez celebradas as eleccións as cámaras resultantes se reunirán en sesións constitutivas o día 21 de maio de 2019, ás 10 horas.

O artigo 26 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, 5/1985, de 19 de xuño, modificada recentemente pola Lei Orgánica 2/2018, de cinco de decembro, establece o seguinte:

"O/A Presidente/a e os/as vocais de cada Mesa son designados/as por sorteo público entre a totalidade das persoas incluídas na lista de electores da Mesa correspondente, que saiban ler e escribir e sexan menores de setenta anos, se ben a partir dos sesenta e cinco anos poderán manifestar a súa renuncia no prazo de sete días.

O/A Presidente/a deberá ter o título de Bacharelato ou o de Formación Profesional de segundo Grao, ou subsidiariamente o de Graduado Escolar ou equivalente.

Da mesma forma procédese ó nomeamento de dous suplentes para cada un dos membros da Mesa" A última reforma lexislativa en materia electoral produciuse a raíz da Lei Orgánica 2/2018, de 5 de decembro, que modifica a Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral para garantir o dereito de sufraxio de todas as persoas con discapacidade, nos seguintes termos:

Artículo único. Modificación de la Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, del Régimen Electoral General. La Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, del Régimen Electoral General, queda modificada en la forma siguiente:

Uno. Se suprimen los apartados b) y c) del punto primero del artículo 3.

Dos. El punto segundo del artículo 3 quedará redactado de la siguiente forma:

«2. Toda persona podrá ejercer su derecho de sufragio activo, consciente, libre y voluntariamente, cualquiera que sea su forma de comunicarlo y con los medios de apoyo que requiera.»

Tres. Se añade una disposición adicional octava con la siguiente redacción:

«A partir de la entrada en vigor de la Ley de modificación de la Ley Orgánica del Régimen Electoral General para adaptarla a la Convención Internacional sobre los Derechos de las Personas con Discapacidad, quedan sin efecto las limitaciones en el ejercicio del derecho de sufragio establecidas por resolución judicial fundamentadas jurídicamente en el apartado 3.1. b) y c) de la Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, ahora suprimidas. Las personas a las que se les hubiere limitado o anulado su derecho de sufragio por razón de discapacidad quedan reintegradas plenamente en el mismo por ministerio de la ley.»

A citada modificación legal entrou en vigor o día 7 de decembro de 2018, polo que é de aplicación nas Eleccións Xerais que se celebran o 28 de abril.

Á vista do anterior, esta Alcaldía ven en propoñer ó Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Que a realización do devandito sorteo para a designación dos/das presidentes/as, vocais e suplentes das 55 mesas electorais, en total 495 persoas se realice a través do programa informático denominado WINTASK ELECCIÓN, polos/as funcionarios/as municipais encargados/as de tal función, no período sinalado pola Xunta Electoral de Zona, é dicir, entre os días 30 de marzo e 3 de abril. Debendo estar efectuadas as notificacións das designacións e entrega de manuais aos

membros das mesas nos primeiros tres días seguintes a partir do sorteo.

Vilagarcía de Arousa, 21 de marzo de 2019.

O ALCALDE - PRESIDENTE;

Alberto Varela Paz.

Sinatura dixitalizada.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes na Comisión infórmase favorablemente a aprobación da proposta da Alcaldía en relación coa realización do sorteo para a designación dos/das presidentes/as, vocais e suplentes das 55 mesas electorais.

A continuación realízase na sesión plenaria o sorteo pola funcionaria Dona M^a Carmen Cores Miguéns na sesión plenaria.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde, da o seguinte resultado:

VOTACIÓN: Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21),

ACÓRDASE: Aprobar a proposta da Alcaldía en relación coa realización do sorteo para a designación dos/das presidentes/as, vocais e suplentes das 55 mesas electorais

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190402&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO Nº 01/01/2019 (INT/2019/000063). Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o 28 de marzo de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria da Alcaldía do seguinte teor:

De conformidade co establecido nos Artigos 26.2.C e 60.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, poderán aplicarse ós créditos do presuposto vixente as obrigas procedentes de exercicios anteriores, previo recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno Municipal.

Existen gastos procedentes de exercicios pechados que se encontran nas seguintes situacións:

1. Xustificantes correspondentes a gastos derivados do consumo eléctrico das instalacións municipais realizados entre os anos 2014 e 2017, que non foron presentados polo provedor nos respectivos exercicios ou que sendo presentados foron obxecto de devolución por non ser conformados polo responsable do servizo, sen que sexa aplicable o instituto da prescrición por non cumprirse o prazo ininterrompido dos 4 anos; Non foron tramitadas no exercicio 2018 por terse completado á súa tramitación e fiscalización con posterioridade á tramitación do derradeiro expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito do exercicio 2018.

2. Xustificantes correspondentes a gastos ordinarios e correntes derivados do normal desenvolvemento dos servizos municipais que foron devengados no exercicio 2017 pero que non foron presentadas no rexistro contable polos provedores ata o exercicio 2018, unha vez excedido do prazo máximo de 30 días dende a prestación do servizo ou entrega do subministro. Non foron tramitadas no exercicio 2018 por terse completado á súa tramitación e fiscalización con posterioridade á tramitación do derradeiro expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito do exercicio 2018.

3. Xustificantes que corresponden a gastos ordinarios e correntes derivados do normal desenvolvemento dos servizos municipais que foron realizados no exercicio 2018 pero que foron presentadas polos provedores con posterioridade á data do peche contable, sen que teñan cabida na BASE 21.1^a por non contar con acordo de adxudicación con saldo na data de peche contable.

4. Xustificantes correspondentes a gastos que contaban con compromiso de gasto no exercicio 2018 pero que non foron presentadas polos provedores ata o exercicio 2019.

5. Xustificantes correspondentes a gastos ordinarios e correntes derivados do normal desenvolvemento dos servizos municipais que foron realizados no exercicio 2016, 2017 e 2018 pero que non foron presentadas polos provedores ata o exercicio 2019, unha vez excedido do prazo máximo de 30 días dende a prestación do servizo ou entrega do subministro.

Visto que, no orzamento vixente existe crédito suficiente ben nas aplicacións orzamentarias ben a nivel de bolsa de vinculación, nos termos indicados nas relacións de facturas anexas á providencia de alcaldía por importe de 142.596,30€.

Vistos os informes favorables á viabilidade orzamentaria emitidos polos órganos xestores responsables dos programas de gasto implicados no presente expediente.

Tendo en conta que esta alcaldía considera preceptivo proceder ao recoñecemento extraxudicial de créditos co fin de evitar o enriquecemento inxusto da Administración dado que se trata de servizos e subministracións efectivamente realizados en aras a evitar un prexuízo para os provedores, contratistas e demais acredores o tempo que se contribúe a acadar os obxectivos fiscais de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira marcados na LOEOSF 2/2012.

Logo de ver o Informe de Intervención, INT/2019/0000063-1 no que se manifesta a necesidade dun acordo plenario para aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos N° 01/REC/2019 por importe de 142.596,30€ con cargo ás aplicacións orzamentarias especificadas nas relacións anexas á providencia de alcaldía, esta Alcaldía-Presidencia, somete á aprobación da Corporación Municipal, o seguinte acordo:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos N° 01/REC/2019, das facturas e xustificantes comprendidos nas relación de OPAS N° D/2018/7, N° D/2019/1 e D/2019/2 anexas á providencia de alcaldía, por un importe global de 142.596,30€, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2019 a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Vilagarcía de Arousa, 25 de marzo de 2019

O ALCALDE

Alberto Varela Paz

Sinatura dixitalizada

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos N° 01/REC/2019, das facturas e xustificantes comprendidos nas relación de OPAS N° D/2018/7, N° D/2019/1 e D/2019/2 anexas á providencia de alcaldía, por un importe global de 142.596,30€, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2019 a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

- Incorporase á sesión a Sra. Cesar Veloso.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN. Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos N° 01/REC/2019, das facturas e xustificantes comprendidos nas relación de OPAS N° D/2018/7, N° D/2019/1 e D/2019/2 anexas á providencia de alcaldía, por un importe global de 142.596,30€, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2019 a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190402&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA PARA A XESTIÓN E COFINANCIAMENTO DA ESCOLA INFANTIL DE VILAXOÁN NO CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA. Dáse conta do ditame emitido pola CI de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 28 de marzo de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da remisión polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da proposta de Convenio de colaboración para a xestión e cofinanciamento da Escola Infantil de Vilaxoán do Concello de Vilagarcía de Arousa, co fin de garantir o funcionamento da citada Escola infantil a partir do curso 2019/20.

O Consorcio asumirá a dirección, avaliación e xestión de dito centro de acordo cos Estatutos que o regulan, a Lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, o Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais de Galicia, o Decreto 329/2005, de 29 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia e demais normativa de aplicación.

O Concello cede ao Consorcio o uso do inmovible comprometéndose a facilitar toda a documentación correspondente ao mesmo.

O Consorcio comprométese ao amoblamento da Escola Infantil, así como á tramitación de servizos correspondentes do permiso de inicio de actividade da Escola.

O Concello asume a obriga de contribuir ao financiamento dos gastos de funcionamento do centro, nun importe de 900 €/ano por cada unha das prazas ocupadas por persoas usuarias da Escola Infantil. Ademais asume a prestación dos servizos que se indican no convenio.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a xestión e cofinanciamento da Escola Infantil de Vilaxoán do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21),

ACÓRDASE: Aprobar o convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a xestión e cofinanciamento da Escola Infantil de Vilaxoán do Concello de Vilagarcía de Arousa, tal e como figura redactado.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190402&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DE ESQUERDA UNIDA E SOMOS MAIORÍA EN DEFENSA DAS PERSOAS TRABALLADORAS DO MAR.

Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 28 de marzo de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polos grupos municipais de Esquerda Unida e Somos Maioría coa data de 20 de marzo de 2019, do seguinte teor:

Jesús López Rodríguez e Gaspar Antonio González Somoza, concelleiros e voceiros do Grupo Municipal de EU-Son e de Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG) respectivamente, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do 28 de marzo de 2019, a seguinte moción:

MOCIÓN EN DEFENSA DAS PERSOAS TRABALLADORAS DO MAR EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finais do ano pasado foi aprobado polo Consello de Ministras e Ministros o Real Decreto-Lei 28/2018, para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego, que foi convalidado polo Congreso no mes de xaneiro.

A realidade é que este Real Decreto-Lei mellora as prestacións cunha suba nas cotizacións ás persoas traballadoras do mar, pero esta modificación tamén supón un aumento importante do custo da Seguridade Social para as empresas pesqueiras, con especial incidencia nas empresas do Grupo II de cotización ao Réxime Especial do Mar.

Aínda que estaba previsto excluír as cotizacións para as embarcacións inferiores a 10 toneladas, na realidade non se aplicaron estas exclusións que se presentaban neste Real Decreto-Lei, co cal aos pescadores artesanais, ás mariscadoras a pé e aos mariscadores a flote, incrementóuselles a base de cotización da Seguridade Social. Hai que ter en conta tamén que isto aumentou considerablemente o custo das cotizacións dos barcos nuns 50 euros/mes por tripulante e das mariscadoras a pé nuns 46 euros/mes. Para un barco de cerco ou de arrastre, con 10 persoas a bordo, supón uns 500 euros máis ao mes e uns 6.000 ao ano, cuestión que haberá que deducir dos salarios toda vez que na meirande parte dos barcos andan “a quiñón” e verán restrinxido o montante do que se reparte.

Ademais, e vistas as modificacións realizadas, os colectivos amosaron o seu rexeitamento a esta medida, xa que non foi consensuada nin coas confrarías nin coas asociacións de autónomos, e así amosaron o seu rexeitamento publicamente a esta medida, ademais de que denunciaron a falta de información por parte do ISM, pois coñeceron esta forte suba cando a Seguridade Social lles pasou ao banco o cobro dos recibos correspondentes a xaneiro.

As asociacións de autónomos tamén denunciaron que ninguén previra que o Goberno aplicase unha suba do 50 euros mensuais ás persoas traballadoras do mar porque non se discutiu nas mesas de negociación, xa que non se abordou nas comisións executivas do ISM.

Por todo o exposto, consideramos que a Xunta de Galicia e o Goberno do Estado deben atender as reivindicacións das persoas traballadoras do mar e por iso, os Grupos Políticos Municipais de Esquerda Unida-Son e de Somos Maioría (PDDdG) propoñen a adopción dos seguintes

ACORDOS

1º Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a:

1.1· Negociar coas organizacións de autónomos e a Federación Galega de Confrarías para acadar un

acordo que permita mellorar as prestacións sociais das persoas traballadoras do mar de forma paulatina e mediante o consenso.

1.2· Negociar e acadar un acordo para que se corrixa esta modificación legal deixando sen efecto esta suba dos abonos á Seguridade Social ata que se chegue a un acordo coas organizacións de autónomos e a Federación Galega de Confrarías.

1.3· Que se realice por parte da Xunta de Galicia un estudo completo sobre cal é a situación da protección real e social das persoas traballadoras do mar en Galiza, no que se teñan en conta posibles descompensacións ou desequilibrios entre as distintas continxencias profesionais de mariscadores e mariscadoras a flote ou a pé, redeiras e tripulantes de baixura e altura, e que en base aos resultados do mesmo se demande no goberno central as proteccións acordadas coas situacións reais das persoas traballadoras do mar.

2º Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado.

En Vilagarcía de Arousa, a 20 de marzo de 2019

Jesús López Rodríguez Gaspar Antonio González Somoza

EU-Son Somos Maioría (PDDdG)

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais de EU e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da da moción presentada polos grupos políticos municipais de Esquerda Unida e Somos Maioría en defensa das persoas traballadoras do mar

Dáse conta da seguinte emenda presentada polo grupo municipal do BNG:

Engadir un 3º punto onde se recolla:

Demandar ao ISM que no prazo máximo de un mes remita un informe a todas as confrarías de galiza e ao Parlamento de Galiza, no que se clarifique cales son as diferentes situacións de protección social real das xentes do mar: redeiras, mariscadoras, baixura, altura...e as cotizacións das cotizacións de cada grupo.

Polos grupos políticos municipais de Esquerda Unida e Somos maioría aceptase a emenda presentada.

Sometido a votación o asunto, coa emenda do grupo municipal do BNG, dando o seguinte resultado:

VOTACIÓN: Con doce votos a favor das persoas pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (7), EU (2), BNG (2), Somos Maioría (1) e nove abstencións das persoas pertencentes aos grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8) e Concelleiro non adscrito (1),

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada e,

1º Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a:

1.1· Negociar coas organizacións de autónomos e a Federación Galega de Confrarías para acadar un acordo que permita mellorar as prestacións sociais das persoas traballadoras do mar de forma paulatina e mediante o consenso.

1.2· Negociar e acadar un acordo para que se corrixa esta modificación legal deixando sen efecto esta suba dos abonos á Seguridade Social ata que se chegue a un acordo coas organizacións de autónomos e a Federación Galega de Confrarías.

1.3· Que se realice por parte da Xunta de Galicia un estudo completo sobre cal é a situación da protección real e social das persoas traballadoras do mar en Galiza, no que se teñan en conta

posibles descompensacións ou desequilibrios entre as distintas continxencias profesionais de mariscadores e mariscadoras a flote ou a pé, redeiras e tripulantes de baixura e altura, e que en base aos resultados do mesmo se demande no goberno central as proteccións acordadas coas situacións reais das persoas traballadoras do mar.

2º Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado.

3º Demandar ao ISM que no prazo máximo de un mes remita un informe a todas as confrarías de galiza e ao Parlamento de Galiza, no que se clarifique cales son as diferentes situacións de protección social real das xentes do mar: redeiras, mariscadoras, baixura, altura...e as contías das cotizacións de cada grupo.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190402&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP, EN RELACIÓN AO AUMENTO DAS COTIZACIÓNS DOS TRABALLADORES DE MAR.

Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 28 de marzo de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 22 de marzo de 2019, do seguinte teor:

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, EN RELACIÓN AO AUMENTO DAS COTIZACIÓNS DOS TRABALLADORES DO MAR

O Grupo Municipal no Concello de Vilagarcía de Arousa, conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finais do ano pasado aprobouse o Real Decreto-lei 28/2018, para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego, sendo convalidado polo Congreso no mes de xaneiro.

A realidade é que, tal e como teñen denunciado os deputados do grupo parlamentario popular no Congreso dos Deputados, este real decreto sube as cotizacións aos traballadores do mar, dobrándoas na meirande parte dos casos, supoñendo esta modificación un aumento importante do custo da Seguridade Social para as empresas pesqueiras, con especial incidencia nas empresas do Grupo II de cotización ao Réxime Especial do Mar.

Aínda que no Real Decreto Lei se exclúen as cotizacións para as embarcacións inferiores a 10 toneladas, cando se acode á remisión ao proxecto de presupostos, non se recolleu esta exclusión que formulaban no Real Decreto-Lei, co cal aos pescadores artesanais, ás mariscadoras e aos percebeiros lles pasarían a dobrar este tipo de cotización.

Hai que ter en conta tamén que isto aumentaría o custe das cotizacións dos barcos nuns 50 euros/mes por tripulante. Para un barco de cerco ou de arrastre, con 10 persoas a bordo, supón uns 500 euros máis ao mes e uns 6.000 ao ano, cuestión que haberá que deducir dos salarios toda vez que na meirande parte dos barcos andan “a quiñón” ou “á parte” e verán restrinxido o montante do que se reparte.

A maiores, esta suba é tamén aplicable ás mariscadoras, que ven como, por termo medio, se lles incrementa a contía de pago en arredor de 45 euros, ou o que é o mesmo, case un 25%.

Ademais, e vistas as modificacións realizadas, ningún colectivo obtén melloras substanciais nesta reforma que xustifiquen ou compensen esta suba nos pagos á Seguridade Social.

Isto motivou que o Partido Popular realizase unha defensa da necesidade de corrixir ese aumento das cotizacións ou de compensar con novos avances en dereitos a suba, feito que levou a cabo tanto no Congreso, onde o Partido Popular foi o único que votou en contra da convalidación deste Real Decreto-lei, coma no Parlamento de Galicia, onde cabe subliñar que esta petición de rebaixa foi rexeitada tanto polo PSOE como polo BNG, e non foi apoiada por En Marea.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular solicita ao Pleno da Corporación do Concello de Vilagarcía de Arousa a adopción do seguinte acordo:

O Concello de Vilagarcía de Arousa insta ao Goberno Central a que teña en conta os efectos perniciosos que esta suba de cotizacións terá sobre o persoal inscrito no Réxime Especial do Mar e a que corrixa esta modificación legal deixando sen efecto esta suba dos abonos á Seguridade Social ou ben a que outorgue novos dereitos e beneficios aos inscritos que compensen ese incremento.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP, en relación ao aumento das cotizacións dos traballadores de mar.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dez votos a favor das persoas pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (7), EU (2) e Somos Maioría (1) e once abstencións, das persoas pertencentes aos grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), BNG (2) e Concelleiro non adscrito (1),

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e, Instar ao Goberno Central a que teña en conta os efectos perniciosos que esta suba de cotizacións terá sobre o persoal inscrito no Réxime Especial do Mar e a que corrixa esta modificación legal deixando sen efecto esta suba dos abonos á Seguridade Social ou ben a que outorgue novos dereitos e beneficios aos inscritos que compensen ese incremento.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190402&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á NECESIDADE DE DOTAR Á COMARCA DO SALNÉS DUNHA AMBULANCIA MEDICALIZADA DE XEITO PERMANENTE.

Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 28 de marzo de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 20 de marzo de 2019, do seguinte teor:

MOCIÓN AMBULANCIA MEDICALIZADA PERMANENTE NA COMARCA DO SALNÉS

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, relativa á necesidade de dotar á comarca do Salnés dunha ambulancia medicalizada de xeito permanente

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca do Salnés ven demandando unha ambulancia de soporte vital avanzado practicamente dende a inauguración do propio Hospital do Salnés.

Unha demanda máis que xustificada porque os recursos sanitarios existentes no Salnés non permiten a atención de patoloxías graves, nin a maior parte das veces, prestar asistencia médica in situ a doentes de extrema gravidade, nin asistilos con persoal facultativo e de enfermería durante os traslados a un centro hospitalario, ao non contar con ambulancia de soporte vital avanzado, nin ter UCI o Hospital do Salnés.

A ambulancia de soporte vital avanzado máis próxima ten a súa base en Pontevedra, e si ten que acudir esta ambulancia, no mellor dos casos, tarda unha media de 30 minutos que se ve ampliada a 50 nos casos da Illa de Arousa ou de Catoira; iso cando esta ambulancia non está ocupada e hai que chamar a que estea, por exemplo en Vigo, co cal os tempos de resposta, as isócronas, multiplícanse.

Polo tanto hai unha ambulancia de soporte vital avanzado en Pontevedra que ten que atender unha poboación de máis de 300.000 habitantes: toda a zona de Pontevedra, parte do Morrazo, parte da zona de A Estrada-Deza e toda a comarca do Salnés, isto en época normal, porque en épocas como a estival, esa poboación multiplícase, cando a OMS recomenda que haxa unha por cada 120.000.

Na atención das patoloxías de gravidade o tempo é un factor esencial, polo cal non é entendíbel que unha comarca tan ampla, cunha poboación de máis de 115.000 habitantes como a do Salnés, que se multiplica en épocas do ano, especialmente no verán, cun porto de interese xeral, unha importante actividade económica con potencial risco como é o traballo no mar e cunha alta sinistralidade viaria non teña un hospital con UCI e non conte con ningunha ambulancia de soporte vital avanzado, é dicir dotada cun equipo humano especializado, con persoal facultativo e de enfermería e coa dotación de equipos necesarios para atender emerxencias de gravidade.

Sobran as razóns que xustifican a necesidade dunha ambulancia de soporte vital avanzado para a comarca do Salnés, e non hai argumentos para xustificar o contrario.

O BNG considera imprescindible esta dotación para non seguir a poñer en risco a saúde e vida d@s veciñ@s da comarca.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- Instar á Xunta de Galiza a que no novo concurso, para o Servizo de Transporte Sanitario Urxente Terrestre que a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galiza-061 está iniciando, se contemple para a comarca do Salnés dun servizo permanente, 24 horas ao día, os 365 días do ano, de como mínimo unha ambulancia de Soporte Vital Avanzado, é dicir, dotada permanentemente cun equipo humano composto por persoal facultativo e de enfermería, especializado na atención sanitaria en situacións de emerxencias e dous/dúas técnicas en transporte sanitario urxente e ao mantemento das existentes.

Vilagarcía de Arousa, a 20 de marzo de 2019

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, EU, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG relativa á necesidade de dotar á comarca do Salnés dunha ambulancia medicalizada de xeito permanente

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tótolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e

- Instar á Xunta de Galiza a que no novo concurso, para o Servizo de Transporte Sanitario Urxente Terrestre que a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galiza-061 está iniciando, se contemple para a comarca do Salnés dun servizo permanente, 24 horas ao día, os 365 días do ano, de como mínimo unha ambulancia de Soporte Vital Avanzado, é dicir, dotada permanentemente cun equipo humano composto por persoal facultativo e de enfermería, especializado na atención sanitaria en situacións de emerxencias e dous/dúas técnicas en transporte sanitario urxente e ao mantemento das existentes.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190402&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG PARA A IMPLICACIÓN NA CONSTRUCIÓN E FUNCIONAMENTO DUNHA RESIDENCIA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL. Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 28 de marzo de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 20 de marzo de 2019, do seguinte teor:

MOCIÓN PARA A IMPLICACIÓN NA CONSTRUCIÓN E FUNCIONAMENTO DUNHA RESIDENCIA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asociación de Diminuídos Psíquicos “CON ELES” , é unha asociación formada por familiares e amigos das persoas con discapacidade intelectual , tendo por obxectivo principal a mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual e das súas familias, fomentando e desenvolvendo actividades encamiñadas a asistencia e recuperación das persoas con discapacidade intelectual.

O Manual Diagnóstico e Estatístico dos Trastornos Mentais DSM-5 ® da A.P.A. define A DISCAPACIDADE INTELLECTUAL (trastorno do desenvolvemento intelectual) dentro dos TRASTORNOS DO NEURODESENVOLVEMENTO, grupo de afeccións cuxo inicio se sitúa no período de desenvolvemento e que inclúe limitacións do funcionamento intelectual como tamén do comportamento adaptativo nos dominios conceptual, social e práctico.

Débense cumprir os tres criterios seguintes :

1. Deficiencias das funcións intelectuais, como o razoamento, a resolución de problemas, a planificación, o pensamento abstracto, o xuízo, a aprendizaxe académica e a aprendizaxe a partir da experiencia ,comprobado mediante a avaliación clínica e probas de intelixencia estandarizadas individualizadas.
2. Deficiencias do comportamento adaptativo que producen fracaso do cumprimento dos estándares de desenvolvemento e socioculturais para a autonomía persoal e a responsabilidade social. Sen apoio continuo, as deficiencias adaptativas limitan o funcionamento nunha ou máis actividades da vida cotiá, como a comunicación, participación social, vida independente nas múltiples contornas.
3. Inicio das deficiencias intelectuais e adaptativas durante o período de desenvolvemento.

No ano 1997 xorde a necesidade dun grupo de nais/pais de crear un movemento asociativo que

puñera fin a difícil situación que sufrían os seus fillos/as desamparados unha vez que remataban a escolaridade obrigatoria no Centro de Educación Especial de Vilagarcía, nace así a Asociación de Disminuídos Psíquicos Con Eles, unha entidade sen ánimo de lucro que ten nos seus estatutos como principais fin os seguintes:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual e das súas familias.
- b) Esperta-la conciencia pública sobre este problema no aspecto social e familiar.
- c) Confeccionar un censo de persoas afectadas.
- d) Fomentar os estudos referentes a súa rehabilitación i educación.
- e) Apoio a creación de consultorios médicos para a formulación do diagnóstico e indicación do tratamento propio de cada caso.
- f) Orienta-la conducta a seguir no trato de tales persoas, así como promover campañas de prevención.
- g) Organizar, patrocinar ou fomenta-la fundación de centros de asistencia, escolas de ensinanza e obradoiros de aprendizaxe e formación ocupacional.
- h) Busca-la colaboración de empresas públicas ou privadas, que poidan proporcionar postos de traballo a aqueles que sexan idóneos.

Despois de longas xestións coa Administración i entidades privadas, presentan o proxecto dun centro de día, conséguese a cesión por parte do Concello de Vilagarcía duns terreos na Urbanización do Rial no ano 2001, e comezan no ano 2003 a creación da 1ª fase do Centro de Día Con Eles que finalizaría a finais do 2004, con capacidade para acoller a 25 usuarios. No ano 2006 retomáranse as obras para executar a 2ª fase que ampliaría a capacidade do centro a 50 usuarios.

Actualmente o Centro de Día Con Eles acolle a 32 usuarios dos cales 30 son prazas concertadas coa administración e 2 prazas son " de carácter privado, estes usuarios proceden de 12 concellos diferentes das comarcas do Salnés, e Caldas, tendo persoas en espera por non haber máis prazas conveniadas e as súas familias non poder facerse cargo do custe que supón unha praza neste tipo de centros.

Todos os usuarios e usuarias deste centro, son persoas maiores de 18 anos con discapacidade intelectual que posúen certificado acreditativo da Condición de Minusválido con Discapacidade Intelectual, emitido polo Equipo de Valoración e Orientación (Consellería de traballo e Benestar da Xunta de Galicia). Persoas ás que o seu grao de minusvalía funcional dificultalles a súa incorporación ao mundo laboral ou ocupacional. Persoas con necesidade recoñecida de axuda dunha terceira persoa o que equivale a que como mínimo teñan un Grao I nivel 2 de valoración de dependencia.

Tendo en conta que na actualidade hai unha elevada porcentaxe de usuarios/as que superan os 40 anos, o que supón que as súas familias tamén teñen idades avanzadas, atópanse cun novo problema engadido que é o risco da exclusión ante a perda dos seus proxenitores/as. Nesta situación, a solución que está a ofrecer a Xunta a estas persoas, na nosa comarca e arredores, é a separación e o desarraigo do seu contorno social e familiar, enviándoos a residencias en Lugo, Vigo ou Ourense.

Ante esta situación, a asociación Con Eles e o BNG entendemos que estas persoas teñen dereito a ter atención ás súas necesidades na súa propia contorna, polo que levan anos demandando a construción e posta en marcha dunha residencia para discapacitados intelectuais, que lles permita ás familias a tranquilidade de que non van a quedar desamparados/as e que van a ter a atención necesaria .

Por todo o exposto , o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1.- Solicitar á Xunta de Galiza o aumento do número de prazas conveniadas para que máis persoas con discapacidade intelectual poidan ter acceso a unha atención axeitada ás súas necesidades.
- 2.- Solicitar da Xunta de Galiza a implicación na construción e funcionamento dunha residencia

para persoas con discapacidade intelectual, sen que isto supoño outra carga máis para as familias e o colectivo Con Eles.

Vilagarcía de Arousa, 20 de marzo 2019

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, EU, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG para a implicación na construción e funcionamento dunha Residencia para Persoas con Discapacidade Intelectual.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE:aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e,

1.- Solicitar á Xunta de Galiza o aumento do número de prazas conveniadas para que máis persoas con discapacidade intelectual poidan ter acceso a unha atención axeitada ás súas necesidades.

2.- Solicitar da Xunta de Galiza a implicación na construción e funcionamento dunha residencia para persoas con discapacidade intelectual, sen que isto supoño outra carga máis para as familias e o colectivo Con Eles.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190402&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190402&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190402&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- ROGOS E PREGUNTAS. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190402&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.

Por parte das persoas que asisten como público á sesión fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190402&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:40 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.